

A C T A N° 23

En Madrid, sendo as 12:00 horas do día 25 de xaneiro de 2005, reúnense na sede social da ASOCIACIÓN PROFESIONAL DE COMPAÑÍAS PRIVADAS DE SERVICIOS DE SEGURIDAD (APROSER), Calle Marqués de Urquijo 5, 2º A, dunha parte os representantes das asociacións empresariais, ACAES, AMPES, APROSER e FES, así como os representantes dos sindicatos CCOO, CIG, UGT e USO, acordando o seguinte:

PRIMEIRO.- Tras diversas deliberacións e recesos a representación empresarial formula a seguinte proposta:

Remisión á proposta formulada na reunión do pasado 18 de xaneiro, coas seguintes modificacións:

Persoal de oficinas e oficios varios:

- Incremento do 4% durante o ano 2005 e IPC real do ano anterior para os anos 2006, 2007 e 2008

Persoal de sistemas:

- Incremento do 4%, con excepción do Operador CRA, para o que se propón un incremento do 5% para o ano 2005. Incremento do IPC para os anos 2006, 2007 e 2008.

- Creación dunha nova categoría para este servizo de CRA, denominada Supervisor de CRA, cun salario anual de 16.000 euros brutos, co incremento do IPC para os anos 2006, 2007 e 2008.

Vixiantes de seguridade de explosivos:

- Aceptar a suxerencia da representación sindical de subscribir unha disposición adicional ao Convenio, que conteña o compromiso de que no seo da Comisión Paritaria do Convenio se analicen as eventuais modificacións legais e/ou regulamentarias que podan afectar ás responsabilidades desta especialidade de vixiante de seguridade e, no suposto que se exixisen novas funcións, se compensasen éstas mediante a eventual creación dun plus de actividade en cuxa definición se recolliesen estas novas funcións con efectos económicos a 1 de xaneiro do ano 2007.

SEGUNDO.- A representación de UGT, CC.OO e USO realizan a seguinte proposta en contestación á anteriormente formulada pola representación empresarial:

- Aceptación da proposta económica en relación coas categorías de Garda Particular de Campo e de mandos intermedios.

- Incremento para as categorías de persoal de oficinas e vixiante de transporte condutor de explosivos e vixiante de transporte de explosivos do 4,4% para o ano 2005 e IPC real do ano anterior para os anos 2006, 2007 e 2008.

- Con respecto á disposición adicional sobre o vixiante de seguridade de explosivos, incluír un compromiso de pagamento no concepto que se determine no seu momento de 45 euros no ano 2007 e 60 euros no ano 2008.

- En relación ao vixiante de seguridade-escolta, recoñecemento da categoría laboral para este, incremento do 4,4% dos conceptos fixos para o ano 2005 e IPC real para os anos 2006, 2007 e 2008, e revisión do plus de escolta até 240 euros no ano 2005 e IPC real do ano anterior para os anos 2006, 2007 e 2008.

- En relación ao persoal de sistemas, solicítase un incremento do 8% e ademais ao Operador de CRA, o complemento de fin de semana e festivos, no mesmo importe que ao vixiante de seguridade de vixianza.

- Solicitud de consolidación do plus de peligrosidade para as categorías de Garda Particular de Campo e personal operativo de Explosivos nos termos previstos para o persoal de Transporte de Fondos.

TERCEIRO.- A representación de CIG realiza unha proposta nos seguintes termos:

Explosivos:

- Plus de Actividade de 130 euros mes X 15 pagas
- Incremento salarial de IPC real + 1% para todos os anos
- Consolidación do Plus de Peligrosidade tal e como está pactado en Transporte de Fondos Garda Particular de Campo:

- Plus de Actividade de 130 euros mes x 15 pagas
- Incremento salarial de IPC real + 1% para todos os anos
- Consolidación do Plus de Perigosidade tal e como está pactado en Transporte de Fondos Vixiante de Seguridade – Escolta:

- Plus de Escolta de 300 euros mes x 15 pagas
- Incremento salarial de IPC real + 1% para todos os anos
- Consolidación do Plus de Perigosidade tal e como está pactado en Transporte de Fondos Persoal de Sistemas:

- Incremento salarial para o primeiro ano (2005) do 10%
- O resto de anos IPC real + 2%
- Supresión da categoría Oficial de Terceira

Persoal de Oficinas e Oficios Varios:

- Incremento salarial para o primeiro ano (2005) do 10%
- O resto de anos IPC real + 2%

A CIG quere manifestar así mesmo que descoñecemos que exista un Convenio Colectivo, sexa de ámbito nacional o no, no que se establezan tantas diferencias económico-laborais entre as categorías existentes no mesmo. De igual modo, ante as propostas económicas realizadas pola patronal para os distintos sectores ou subsectores reflectida na Acta 22, manifestamos o noso asombro e perplexidade ante as mesmas; que novamente inciden na división entre bos, malos, favoritos e prexudicados. A CIG presente na Mesa de Negociación con tres traballadores de sistemas de seguridade desexa que tanto a patronal como os sindicatos asinantes dos acordos económicos até a data fagan unha valoración da única proposta económica presentada por escrito (CIG) e incluída na Acta, explicando aos traballadores cal é o criterio seguido para que nun mesmo Convenio se establezan diferenzas e discriminacións, mesmo por razóns de antigüidade na empresa, como é o caso do plus de perigosidade. A CIG, na lóxica da nosa postura, mantida no tempo desde o comezo das negociacións propomos uns incrementos salariais coincidentes co expresado para o resto de categorías xa pactados, en aras ao mantemento dunha negociación que non prexudique nin discrimine a ninguén, a diferenza do así realizado até agora pola patronal e sindicatos asinantes.

CUARTO.- CC.OO., logo do manifestado na Acta número 22, onde solicitamos a todas as partes unha reflexión que nos levara a un acordo global, reconducindo os aspectos económicos do colectivo de vixiantes de seguridade, entendendo de forma seria e factíbel dito logro, buscando en todo momento fuxir de aspectos que entendemos lesivos para o conxunto dos traballadores, solicitamos que na próxima reunión convocada se aborde este tema.

QUINTO.- A representación de UGT e USO, ante a manifestación de CIG, expresa o seu total rexeitamento a esta. Ao tempo, queremos instar aos representantes deste sindicato a manter unha maior seriedade con respecto á negociación e aos traballadores que representamos xa que, durante toda a negociación veñen utilizando as Actas do Convenio como vehículo de propaganda sindical, o que temos que rexeitar de plano aínda que até este momento se lles permitiu esperando que eles mesmos rectificaran. Así mesmo, solicitamos á Mesa Negociadora do Convenio que na próxima reunión, e para Actas sucesivas, no se inclúan nestas manifestacións que no se expresaran no curso da reunión, ou sexan consecuencia da mesma.

SEXTO.- A representación empresarial manifesta o seu rexeitamento absoluto ás afirmacións vertidas pola CIG por infundadas, inexactas, demagóxicas e contradictorias coas súas propias propostas con ausencia de respecto aos negociadores.

SÉTIMO.- Fíxase a próxima reunión da Comisión Negociadora do Convenio para o martes 1 de febreiro ás 11.00 horas na sede de APROSER.
Y non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 20:00 horas do día 25 de xaneiro de 2005, levántase a sesión, coa sinatura dos asistentes, en proba da súa conformidade co contido da mesma.

POLA REPRESENTACIÓN EMPRESARIAL:

ACAES:

D. FERNANDO RICONDO SALVARREY

AMPES:

Representado por D. FERNANDO RICONDO SALVARREY

APROSER:

D. SANTIAGO GARCÍA GARCÍA

D. JUAN MANUEL HERNANZ GARCÍA

D. ISAAC MARTÍNEZ CARRASCAL

FES:

Representada por D. ISAAC MARTÍNEZ CARRASCAL

POLA REPRESENTACION SINDICAL

CC.OO.:

D. ALEJANDRO GASTÓN GARCÍA DE JALÓN

D. TXOMIN MARAÑÓN MAROTO

D. JUAN FÉLIX MESA FERNÁNDEZ

D. JOSÉ A. ROLDÁN PÉREZ

D. JAVIER TORREJÓN MARTÍN

CIG:

D. XOSÉ ANTÓN ANDUJAR CALVIÑO

D. XOÁN ANTÓN CASTRO BARREIRO (asesor)

D. XOSÉ MANUEL CRESPO GARCÍA

D. ALBERTO SOUZA VÁZQUEZ (asesor)

FES-UGT:

D. JESÚS ARROYO MEDRANO

D. ISIDRO CAMPOS NAVARRETE

D. JOSÉ CARLOS FERNÁNDEZ-CID CASTAÑO (asesor)

D. JULIÁN GARCÍA PARRILLA

D. RAFAEL SALDAÑA EURSTES

D. ANTONIO DAMIÁN SÁNCHEZ ANIORTE

D. BENJAMÍN SÁNCHEZ SOBRINO

D. JOSÉ LUIS SANTOS VICENTE

D. ANTONIO SOLANO BONILLA

FTSP-USO:

D. EMILIANO JIMÉNEZ HERNÁNDEZ

D. MANUEL PÉREZ MORENO

D. RICARDO SANGINO REGAÑO